

HERO
VIGIL

PENSAMENTO
LIBERTARIO
GALEGO



Arco da Vella



DA VELLA
AO ANOITECER,
BO TEMPO AO
AMANECER".

O Arco da Vella en Galicia foi sempre limiar do bo tempo, do descoñecido, que bebe nos rios e no mar, da ledicia de vivir, da vida mesma.

A nosa revista ten de ser unha fiestra pola que vexamos todos retallos da nosa vida cotidiana, da nosa vida política, social. Esa fiestra gustaríanos que fora de esperanza, de luz e aberta sen contras que a pechen, e sin atrancos, para que eses retallos de vida saian coa súa propia cor, sin tinturas, coa cor que cada un de vós lle dea.

O Arco da Vella dícese que leva, ás veces, mozas e nenos, baixando á terra. Nós queremos que a pesares deste agoiro do nome, a nosa revista sexa galega e teña os pes ben chantados na Nosa Terra, anque subindo ás veces polo noso arquiño da Vella deica o sol, pois o sol é vida e sin él non estaríamos neste papel falando destas cousas.

*"Arco da Vella
vaite dai
que as mozas bonitas
non che son pra tí".*

Todos nós temos falado ás veces de que nos gustaría ter unhas páxinas onde poder escribir o que nos pete, onde verquer esas cousas "nosas" que non podemos poñer nin expresar en ningures. Este colectivo coidou que xa era hora de falar i escribir do mesmo xeito, e o mesmo que nós o fixo un fato de compañeiros que cando saía a revista á rua agardamos que se multipliquen moitas veces, pois estade certos de que non se desbotará nada e que cada un de vós pode ser participe e integrante deste proxecto que era noso, pero que xa é voso.




da Vella, diremos que ten moito que ver co espírito que nós animou na súa laboura. Somos libertarios galegos i é importante, que rachemos na medida en que poidamos e saibamos, pra espallar estes pensamentos e ideas en Galicia, pois deica hoxe non sairon a luz con forza estes camiños. Dende o esotérico, poesía, política, cociña, cousas prácticas, dibuxos e carallada deica o que cada ún goste poñer: **ESO QUEREMOS QUE SEXA ARCO DA VELLA.**

De todo o dito sacase que ao mesmo que no Arco da Vella, hai moitas cores e haberá máis na medida en que todos nós e todos vós fagamos nosas estas follas. Falaremos da nosa vida real, dos nosos problemas, de como solucionar as cousiñas cativas de todos os días, dos nosos pensamentos, do noso amor, da nosa xenreira... e todo o que nos veña en gana.

Cada vez que saia á rua unha nova "Arco da Vella", podería vir unha raiola de luz, de sol, de cor en visporas do bó tempo, dun tempo mellor, que estamos todos a facer un pouco dia a dia, e que dalgun xeito pódese cantar aquí. "Arco da Vella ó anoitecer, bó tempo o amañecer".

Sabemos que non é doado pra todos saír un pouco da nosa capela e abrir os ollos vendo a totalidade do que temos diante, pero e un esforzo a facer, é unha necesidade vital e si o que sale destas follas non fora todo o bó que nos quixéramos, temos de ter claro que en Galicia a realidade é así, non é de cor rosa senon que témola de facer nós, mais vermella, verde, azul, amarela, laranxa... e **NEGRA** "Arco da Vella ao raiante, ei, boi ei pra diante !! " **COLECTIVO "ARCO DA VELLA"**



Fixeron este número :

Colectivo "Arco da Vella", Maria Balteira, Carmen Blanco, O Corsario Negro, Federación Anarco-comunista Galega, Frol de Alcantarilla, Misán —dibuxos—, Movemento Obxectores de Conciencia (G), Bobie McGeer, Colectivo Lexítima Defensa, Rosa, Tolo de Palencia, Vétula, Manuel Xirimbao, Xuntas Galegas pola Amnistia.

Deseño :

Pepe Barro

Coordinou i editou :

Colectivo "Arco da Vella" - Apdo postal nº 52. de Compostela (A Coruña).

Compuxo os testos :

"A NOSA TERRA" - Troia, 10 - 1º (Compostela)

Imprentou :

Sociedade Cooperativa "Reprografia 1846" Alfredo Brañas. 9 baixo (Compostela).

DL:C-96-1981

Distribución :

Autónoma

O ESTADO NON É A PATRIA

RECONOZCAMOS
EN PLENA
SERVIDUME
INTELCTUAL E
REAL E
COMENZAREMOS
A SABER COMO
NOS FAREMOS
CEIBES.

CADA UN, UN
CENTRO; UN
PODER, UNHA
FORZA
AUTONOMA.
CADA UN
SABENDO E
QUERENDO O SEU
PROPIO EU.
...AS IDEAS
ILUMINAN, OS
FEITOS
EMANCIPAN...

Porque o estado
non é patria, senon a
representación máis
perfecta de centrali-
zación.

Porque a patria é
un sentimento que
xurde do
recoñecemento que
cada ún fai de si
mesmo, e que na
relación cos demais
faise colectivo.

Porque os
oprimidos desexan a
emancipación total e
real, e saben que a
centralización é
imposición. E
porque o saben son
radicalmente
anarquistas, pénseno
ou non.



porque nos
temos conciencia do
ideal e desexamos
practicalo, vivir a
anarquía, loitamos
contra o estado e
contra todo tipo de
centralización; reivindicando a
patria como o
espíritu colectivo
nace como defensa

da identidade dos
oprimidos.

E porque Galicia,
Euskadi, Castela,
Países Cataláns e o
resto dos pobos do
mundo existen como
pobos, inmersos
nunhas cordenadas
determiniñadas que
os definen como
naciós.

E porque España,
pola contra, non
existe como tal
senon que o que
existe é unha
estrutura superior
que non se pode
considerar como
nación, e si como
elemento de
opresión.

E por todo elo
que creemos que a
patria non é un día,
senón que se fai de
cotío coa nosa
defensa da
identidade individual,
cando loitamos por
saber cada un de nós
ser o noso propio
dios, o noso propio
rei, o noso propio
todo. Cando o
sepamos, a solidari-
dade será un
resultado e a
centralización
empezará a ser un
pasado.

E por todo elo
que vemos que a
loita tense que
encamiñar a lograr
que o único-poder
que exista sexa o
poder que cada ún
de nós tén sobre si
mesmo e sobre naide
mais, poñendo así
fin a base do centra-
lismo, que é o poder,
que ún ten sobre
varios.

E por todo elo
que nin
recoñecemos a
liberación total
naqueles proxectos
revolucionarios que
esquecen o
sentimento popular
de nación e o de
patria que leva parelo
nin naqueles que
recollendo estes
sentimentos non

descartan unha
futura centralización
(tal vez nun territorio
mais pequeno, con
outros nomes
—centralismo
democrático
popular—, e con
outras capitales).

E porque todo
esto é así, loitamos
pola emancipación
total que non é máis
que o recoñecemento
do proceso
revolucionario no
que se conxuguen, e
non se poidan
disociar, a liberación
individual, social e
nacional.



é por elo que
pretendemos a
rebelión total á
absorción do grupo e
do individuo, facendo
da nosa loita un
levantamento contra
a máis pequena
centralización.
F.A.G.
FEDERACION
ANARCO-COMU-
NISTA GALEGA.



2

E

sabido, que pra nós, os galegos, é o antroido unha festa de anterga raigame na que por un dia casi todos estabamos libres das cadeas da nosa propia vida

cotidiana. Uns dias nos que pra os oprimidos a súa realidade era desdibuxada pola festa

Uns dias nos que as máscaras a música o confeti. permitíanos ser libres pra rozarnos cos poderosos. Nos que a comida abundante, polo menos máis

abundante que de cotío, disfrazaba a mesa e facía sorrir o estómago.

E

ran

dias de festa pero a súa vez preludio da dureza

da Cuaresma, rigurosa lei da igrexa.

Isto e pra nos o "dia do voto", o voto. O espellismo que por un dia crean pra facernos pensar que somos donos do noso destino.

O día seguinte, o mesmo taller, a mesma

oficiña, o mesmo patrón,... serán o comenzo da frustración, de ver a realidade que eles fannos vivir e que en nada mellorou... Realidade que legalizamos coa nosa participación.

FEDERACION
ANARCO
-COMUNISTA
GALEGA

VOTAR, BOTAR,



O NOSO VOTO
= =



QUE É O PARTO NATURAL

E

ingábel que na sociedade capitalista a muller cumpre unha función de reproductora, as mulleres vivimos na eterna contradición de ser aceptadas como nais nunha sociedade machista negándose o resto dos nosos dereitos e dentro dos movementos feministas esta faceta de nai non se ten en conta" (Xornadas Feministas de Granada).



O embarazo é tomado dentro da menciña oficial como unha situación especial da muller que terá forzosamen-

te a un parto —trauma con dolor, este feito fica sinalado nos hospitais onde aínda hoxe en día chámase as salas de

partos SALAS DE DOLOR.

Nos hospitais ou centros de menciña privada as opinións da nai non se teñen en conta, é unha entre unha chea delas máis que van á consulta: mexos, tensión, esteloscopio e para casa deica outro día, a futura nai non decide, como e en qué condicións quere ter o seu fillo, todo lle ven dado.

Na maioría dos casos si che doe algo tómano como un síntoma e dánche pastillas.

O

parto nos hospitais é o parto do médico, tí non es en absoluto dona da situación, cálate!, non berres!, primeiriza tiñas que ser!, non hai ao teu redor a ternura e o amor que necesitas, tés sensacións moi fortes e necesitas comunicalas: falar, que che falen, afecto, pola contra todo é aséptico adiantando ás veces o parto polo goteiro, chegado o intre cortan e listo. O que si estás segura é que non 90 por cen dos

casos non faría falla cortar pero é mais doado para eles, así non se preocupan de que a expulsión sexa lenta para que non haxa rachaduras de perineo. E logo da expulsión sácanche ao neno e xa non é teu deica o outro día.



que chámase parto sin dolor é o maior conto, dúrmene para a expulsión, perdendo a muller un dos intres máis intensos da súa vida: ollar nacer ao seu fillo, non entrando xa nos traumas que pode levar as costas o cativo para toda a vida.



sensacións e formas novas que xurden ño teu corpo no embarazo tés que vivilas plenamente e prepararte para un dos momentos mais fermosos da túa vida; o nacimiento dun ser que levas dentro túa. Cando escomenzan as contraccións, acúmúlase forza no útero que fai que sintas fortes pinchazos, logo baixa esa sensación, na casa todo o mundo esta pendiente de tí, está-lo levando todo moi ben, cando chegan os derradeiros momentos sintes que cáis non aguantas, pero xa falla pouco, e chega a expulsión suave; nese tempo eu xa non sentia ningún

door, soio estaba atenta a si saía a cabeza, logo xa sai enteiraño pouco a pouco. Logo puxeronriba de min deica que o cordon deixou de latexar en que o cortaron e a placenta saiu soaña pois xa non facia falla no meu corpo. O neno non chorou, penso que os nenos choran ao nacer das luces, da separación inmediata do corpo da nai, das mans estirilizadas que o collen..



oda muller que queira facer o parto natural, si de verdade quere, consigueo. O parto é algo natural, non é unha patoloxía, unha enfermidade a tratar, o noso corpo está preparado para el, xa que é absurdo cabilar que podemos levar un ser no bandullo e logo non imos poder saca-

lo sin traumas, as mulleres que poden ter dificultades no parto son poucas, anque o seu número aumenta nos hospitais facendo cesareas, forceps, chupón, sin necesidade, sin agardar o tempo necesario para que a muller teña o neno pola súa conta. Nos hospitais os que teñen os fillos son os médicos, son as vedettes, a muller é un paciente, un espectador doente do que fan.



oubannos

a maternidade, as mulleres temos que recuperar este dereito na súa totalidade. Son sensacións, emocións, sentimentos nosos e temos dereito a vivilos, somos as protagonistas dese momento, é noso e prao neno o parto natural conscente, o parto sin violencia é máis rápido e menos agresivo, menos traumatizante. Neste parto todo o mundo pode axudar: o compañeiro, os amigos. O neno pasou xa o tunel e sinte que o mundo fora dél é agradábel, non tén medo, síntese feliz.



ONDICIONS

PARA UN PARTO NATURAL.

- Parto en penumbra ou luz indirecta. Sua-vidade, paciencia.
- Tomar a postura que pareza mellor para cada momento.
- Parir sentada ou agachada.
- Agardar a que deixe de latexar o cordon para cortalo (excepto se estivera enrollado).
- Logo da expulsión poñer o neno riba túa
- Bañar o neno a 37º.
- Pon a mamar o neno logo do parto para que saia a placenta.

ROSA





para se
reír a vida interna
no Manicomio
(realizado por un
internado do
manicomio de
Palencia).

Polo art. 4º de
Sebastopol, todo
individuo dase conta
de todo dende os 7
anos. Todo
individuo dende os
7 anos de idade tén
vontade, memoria e
intelixencia.
Arquimides
descobre a vontade,
e dí que non se te
pode quitar; citando
o que dixo
Constantinopla dí, a
vontade é constante
e non se pode quitar.



a lei dos
manicomios e
sanatorios
siquiátricos, sairase
polo médico aos 5
meses e 1 hora, se o
médico non lles
deixa sair nese
tempo, sairán aos 6
meses, pois os porá
en liberdade o xuez
se non os deixan sair
aos 2 meses, os
deixará sair un frade
un ano despois. Se
non os deixan sair ao
ano ou despoixas
por un frade, terán
de deixalos sair, pois
ningun xuez impre-
vo pode reter unha
persoa mais dun ano.

Dí Artró ou
Artrides ou Artrides,
que se pode matar a
ún por ter pechado a
un individuo en
sanatório
siquiátrico
1 día. Tamén que
non se pode ter
a un ser humano
nun manicomio
ou sanatório
siquiátrico
3 meses e que
se pode matar a
quen o faga;
pódese dicir o
mesmo de quen teña
a unha persoa
pechada nun



manicomio ou
sanatorio siquiátrico
1 ano.

Artexerxes dí,
que ningunha
persoa será
obligada
a estarse nun
manicomio ou
sanatorio
siquiátrico
mais de tres
meses e
hai que deixalo
marchar.

As leiseš do
estado español, son
de que non debe




obligarse a unha
persoa a estar nun
manicomio ou
sanatorio siquiátrico
mais de 1 hora nin
mais de tres meses e
1 hora en sincurar e
que o médico ten de
sacalos antes de que
pase mais tempo de
5 meses e 1 hora,
pois esa é a sua
obriga. O xuez tén
a obriga de sacalos
aos 6 meses, se non
o fixera o médico no
prazo antes indicado
de 5 meses e 1 hora.
Non se pode quitar a
saúde nin a forza.

Dí Aristóteles,
polo art. 1º non se
pode infectar a unha
persoa.



Virxen Maria
dí, que non se pode
ter a ún pechado
nun manicomio ou
sanatorio siquiátrico
mais dun ano. Dixo
a Virxen Maria a
Arquimedes, que se
non se deixaba sair
aos doente en 1 ano,
poderían deixalos
sair en 2 e senon en
3 anos e mais nada.
Dixo Arquimedes,
que non podía telos
pechados mais de 3
anos ao dicir da
Virxe Maria que 6,
12 e 18 anos eran os
que se lles podía ter
pechados sin sair do
manicomio ou sana-
torio ps. aos tolos.
E pois o tempo
máximo que se
pode estar sin sair
en liberdade dun
sanatorio ps. ou
manicomio, 18 anos.



Demóstenes di, que o que non se cura nun manicomio ou sanatorio ps. en 3 anos, é porque non quere o médico.

Di Artaxerxes IV, os convenios deíxanse cando un quere. Ningún xuez ímprovo pode ter pechado un individuo mais de 1 ano.

Arquímedes di, que o que fai a outro sabe o outro o que vai facer, matalle as 10 veces.



olo

Art. 3º de Manicmios, teño dereito a saír con liberdade do manicomio, por decírllo a 3 médicos e ter estado 3 anos eu, no S. Ps. ou manicomio.

Non se pode quitar mais de 3K gs. a un individuo doente nun manicomio ou S. Ps. e aos que non estean doentes teñen que deixalos ir.



un

manicomio, un doente estará menos tempo de unha hora, pois non tarda un en sandarse mais. A virxe do Pilar di, que nos manicmios hai que estar 1 hora nada mais, pois é o tempo que se tarda en

sandar a un doente. A virxe Maria di: "os meus cúranse en 3 meses e 1 hora no manicomio e logo deíxoos ir". Mitriates III sandaba aos doentes nun manicomio en 3 meses e non en máis de 4 logo, deíxabaos ir tamén.

Demóstenes di, que 1 cc. de Insulina sandará en 15 días.

Arquímedes que o ser humano ten vontade, descubre. Outros Mitriates, diferentes de Mitriates III dicen que se poden empregar 3 anos en sandar a un doente e senon 6 anos e senon 12 anos, pero mais de 12 non. Estes últimos probaron que todas as súas intervencións eran boas, pois curaron a todos os seus doentes.

Mitriatedes V descubre que o home e a muller teñen vontade e que non hai que quitarlle

Nun manicomio ou s. ps., un individuo estará curado logo de estar 20 anos en manicmios ou s. ps. i están na obriga de non terlle dentro e deixarlle en liberdade


O xuez ten pena de morte, se non deixou saír en liberdade a un individuo que estivo 3 anos nun manicomio ou s. ps. O médico ten pena de morte si non



deixou saír en liberdade a un individuo que estivo 6 anos nun s. ps. ou nun manicomio. Os frades teñen pena de morte si non deixaron saír en liberdade a un individuo que estivo 12 anos nun manicomio ou s. ps.



empregados teñen pena de morte si non deixaron saír



en liberdade a un individuo que estivo 10 anos nun sanatorio ps. ou manicomio. Os médicos que teñen pena de morte son os do manicomio ou s. ps. onde está o individuo que non deixan saír en liberdade. Os xueces do sitio onde está o individuo sin deixalo en liberdade, pois o teñen nun manicomio ou s. ps., teñen pena de morte, excepto o último que terá pena de morte si non o pon en liberdade xa, entendéndose por xa, que o porá en liberdade, todo o máis tardar en 3 días, debendo comunicar á persoa interesada que vai ser posta en liberdade nese tempo. A liberdade debe ser dada o antes posible; as persoas empregadas que non as poñan en liberdade, tamén teñen pena de morte. Anque a pena de morte non a teñan todas as autoridades, todas teñen pena, así que teñen que deixar ao individuo en liberdade..

E o individuo por sí so, pode poñerse en liberdade. O tempo que pode estar en liberdade un individuo, logo de saír dun manicomio ou de outro sitio a onde o mandara o xuez pechar, é de 6 meses.

Di Galeno no seu.


art. 1º, que o xuez garantizará a un individuo posto en liberdade por 6 meses, de que non fará nada a naide.



on se pode ter pechado a un individuo por un xuez ímprovo máis de 1 ano. Non se pode ter pechado un individuo por un médico, que fixera un convenio con él, máis de 3 anos. Sin mandalo o xuez, pode o médico poñer en liberdade a un individuo 3 meses, garantizando coa súa responsabilidade o caso. Un frade pode poñer a ún nun manicomio en liberdade durante 15 días. A un individuo que estea en liberdade, por haberlle sacado unha persoa do manicomio durante 1 día, 2 días, deica 7 días, respetaráselle a súa liberdade, ou sexa, non se lle quitará esa liberdade.



ando se saca a un individuo dun manicomio e se pon en liberdade por persoas distintas dun xuez, non se anula a liberdade de 6 meses que un xuez concede





neses casos.



de que saca a un individuo dun manicomio ou sanatorio ps., ten dereito a administrar os seus bens durante 1 ano e hai que deixalo en liberdade

Un individuo só se cura en 1 ano e ademais cura a metade a outro; tamén é posibel que en 1 ano e medio só.

Polo art. 4º vivirei en Leon, irei alí para cobrar o escudo i estou avvicinado en Leon e cobrare i recibirei alí o salario militar en Leon, pois ao recibir o salario, cobro algo do escudo, por non ter gastado 1 millón solto en fraccións, nin 5 pts., nin 10 ptas., nin 20, nin 40, nin 80, nin 100, nin 1.000 ptas. Estiven en Ceuta do 3 de outono ao 29 de santos do mesmo ano, non estando eu dous meses en Ceuta, xa que logo estiven en Ceuta menos de 2 meses.



a lei xeral de sanatorios, que un s. ps. benéfico ou non benéfico, o maior tempo que tarda un individuo en se curar é de 10 anos. Un

mancomio ou s. ps. está obrigado a cumprir a lei xeral de sanatorios, xa que logo un individuo non pode estar nun manicomio ou s. ps. mais de 10 anos i están obrigados a deixalo sair en liberdade.




bachiller se cura nos m. os. ps. en 5 anos. O bachiller con carreira se cura en 5 anos, dos dous seres con tiduos nista páxina anteriormente citados, o que tén 2 tiduos, é o que millór cura.



estiven nos sanatorios ps. 5 anos

e neste estiven agora 5 anos seguidos. Eu estiven neste m. o s. ps. 10 anos seguidos. Eu estiven nos m. o s. ps. 20 anos.



que logo estou curado por ter estado 5, 10, e 20 anos nos m. o s. ps. E decir, estou curado por 3 procedimentos : o 1º por ter estado 5 anos, o 2º por ter estado 10 e o 3º por ter estado 20 anos en m. o s. ps. Tamen poido curarme estando fora do M. o s. ps. 1 ano e medio.



Estou curado e xa que logo, QUERO QUE ME DEIXEN EN LIBERTADE.



MISAN.



ria identidade Galega



"... a indignidade de falar polos outros" (Deleuze a Foucault)

Apartado da relación dialectica existente entre a liberación da muller e a da comunidade na que se atopa, ten interés para todos os galegos a visión que a muller ten da súa comunidade e como a quería conformar desde o seu punto de vista nun futuro.


Neste sentido, a muller galega tería que descubrir e escribir a súa historia, sistematicamente silenciada e negada, como tamén foi —e aínda é— silenciada a historia de Galicia, hoxe xa parcialmente reconstruída. Esta nova historia aclararía a realidade da resistencia que a muller galega opuxo á perda da identidade fronte a colonización exercida sobre o seu sexo e o seu pobo. Así, cabe citar feitos tan coñecidos como a rebelión contra os

Reises Católicos (Constanza de Castro), a defensa fronte a invasión inglesa (Maria Pita), a protesta anti-capitalista (mulleres da Palloza), os movementos obreiros, campesiños, mariñeiros e

ciudadáns das últimas décadas (Castrelos, As Encrobas, Rianxo, Autopista do Atlántico...).

Nesta historia aparecería tamén claro o papel que a muller xogou na recuperación consciente da identidade de Galicia que se produciu a partir do século XIX. Neste período de tentativa

ideadas polos homes ao longo das distintas etapas históricas do provincialismo, rexionalismo e nacionalismo de pre e postguerra.




autoconcienciadora a muller sumouse aos proxectos masculinos, participando dun xeito minoritario e sen aportar unha visión propia nas tarefas culturais e políticas

Poderíamos destacar nesta práctica galeguista dous feitos a primeira vista sobresaintes. O primeiro, a excepcionalidade da figura de Rosalia, creadora dunha obra inequívocamente galega e feminina, con aportacións tan importantes neste sentido como o Prólogo e parte V (pasaxe das viudas) de "Follas Novas".



segundo, a vocación de igualdade formal entre o home e a muller presente na meirande parte do pensamento galeguista, como mostran institucións como a Real Academia Gallega (1.905), que non fai discriminación dos membros polo sexo, freten, por exemplo, a española.

Outros casos a ter en conta dentro do galeguismo histórico serían documentos políticos-ideolóxicos como os saídos da Asamblea Nazionalista de Lugo (1918), o Congreso de Economía de Galicia (1925), ou o texto de Peña Novo "La Mancomunidad Gallega" (1921), que establecen unha actuación política normalizada da muller na vida social da comunidade;



asimesmo cabe citar os programas xurídicamente igualitarios de organizacións políticas como as Irmandades da Fala (1.916) ou o Partido Galeguista (1931).



actualidade podemos ver isto na ideoloxía dos partidos políticos de ámbito galego (UPG, PSG, POG, PGP, PG), que sen prantexarse a especificidade da problemática da muller, parten do presuposto de igualdade entre os sexos no terreo dos dereitos. Unha explicación, seguramente incompleta, dos feitos devanditos, podería estar na




conxunción do postulado ideolóxico da presenza dunha raiz liberal no pensamento galeguista e do postulado socioeconómico do importante papel

que a muller galega xoga tanto nas relacións familiares como na produción precapitalista maioritaria da sociedade galega.




últimos anos, a muller galega, ao tempo que se introduce nunha maior



medida nos proxectos masculinos que progresivamente a teñen que ir tomando en conta, comeza a adoptar unha perspectiva propia de actuación, creando as súas organizacións e grupos políticos.

Esta nova tarefa supón unha búsqueda de identidade nada doada pola dificultade que supón rachar cunha colonización de séculos.




a pesar das dificultades parece necesario adoptar unha perspectiva feminina para facer unha crítica positiva de toda a cultura machista, aportando unha visión propia sobre a problemática galega ao movemento

de recuperación de identidade comunal que está en marcha.



muller galega terá que falar por si mesma como calquer outro sector oprimido para que a súa tentiva da liberación non lle sexa manipulada nen escamoteada. Só así se fará realidade o principio materialista formulado desde Marx a Foucault: somente o oprimido pode rachar coa súa propia opresión.

CARMEN BLANCO.



ANDGI FENOSA

Todos nós sabemos que é FENOSA un dos promotores da Central Nuclear de Xove, promotor co que está directamente interesado o Estado, interés polos grandes dividendos que saca da electricidade da Nosa Terra e porque non lles importa emporcar un pouco máis o que xa teñen bastante emporcado.

Una maneira de boicotear a FENOSA é non pagar a luz e pra isto :

1º Non abras ao cobrador ou revisor cando veña a ver o contador, si o tés dentro da tua casa non che poden corta a luz. Si entraran por un erro teu, podes pagar ou ben negarte (esta 2ª opción mellor apoiado por máis veciños).

2º Si tiveras o contador fora da casa, esixe que che avisen con antelación o que supón pra eles

un coñazo e perda de cartos.

Todos sabemos que FENOSA se enche de millóns a conta nosa, sube cando lle peta e coas subas constrúe embalses, asulaga os nosos vales e subvenciona Centrais Nucleares.

Concencia de que aínda non se deron no noso País os primeiros pasos a nivel veciñal, pero podese escomezar por pequenas cousas e tentando de ver, cál e o problema? e por que os nosos labregos enfrentáronse tantas veces? Pode ser un primeiro paso.


Como cousa práctica, cando nos corten a luz, volver a empalmar e ter a casa con luz a conta de FENOSA. Cando che corten a luz :

- 1) que saquen o fusible de protección

que leva o contador neste caso empatar as puntas dos cables que entran e saían do contador.

2) Que se leven o contador e deixen as puntas dos cables desenganchadas i encintadas. Neste segundo caso terías de conquistar dous fusibles iguais de venda no mercado e voltar a poñelos no seu sitio.

En calquer caso é doado topar un electricista que cho faga si é que tiverades algun problema.



OBXECCION DE CONCIENCIA

12

Q

UENES SOMOS?

Contra da idea tradicional que considera aos obxectores como tolos, cobardes ou mártires, os actuais obxectores considerámonos persoas que loitan xunguidas polo respecto ao evidente dereito a liberdade integral do home.

Concretamos a nosa loita no montaxe militar por consideralo coma a esencia do sometimento da persoa a ideas, intereses, disciplina, criterios e baremos alleos (senon contrarios) as nosas vidas e a emancipación dos pobos (Chile, Colombia, Grecia, Portugal, España, El Salvador,

Argentina, Nicaragua etc...). Exercemos este dereito a traveso do principio persoal de non-colaboración coa estrutura inxusta parellamente á nosa actividade de concienciación da inxusticia escondida baixo estruturas aparentemente inamovibles: exército, economía capitalista (privada ou de estado), xerarquias xerontocráticas, familia escola, empresa, etc.

Como antimilitaristas negámonos a confiar a seguridade de un pobo na institución exército e abondan exemplos históricos pra xustificarnos. Rexeitamos os conceptos de patria, bandeira, estado, fronteira, cando o seu precio e o sangue do pobo non involucrado.

Como socialistas, denunciámolos, (entendido no seu senso mais amplo) calquer xeito de neoesclavismo baseado na

comercialización e rentabilización do traballo alleo.

Como

ecoloxitas denunciámolos que as maiores agresións á natureza levadas a cabo hasta o presente foron protagonizadas por exércitos (napalm, nucleares etc).

Como pro-feministas denunciámolos a institución exército como o mais doente atentado contra da integridade da muller

Como humanistas negámonos a colaborar cunha empresa cuio único fin e a destrucción.

Como non-violentos rexeitamos calquer tipo de loita que lesione a integridade human do enemigo. Rexeitamos os



bloques militares e o seu significado de explotación do terceiro mundo, a dependencia neocolonial e o contido económico da carreira de armamentos.

Como


científicos, denunciámos o feito de que o 60 por cen dos científicos mundiais, baixo o cuestionable montaxe do progreso técnico traballen en actividades bélicas ou para-bélicas.

Como autoxesionarios denunciámos a burocracia e o consumismo por ser as sutiles armas do sistema pra nos someter aos seus fins e intereses.

Como libertarios defendemos o dereito ao non acatamento de ordes e a non sumisión a calquer xeito de disciplina.

Baixo

semellante pluralismo ideofilosófico político os obxetores aglutinámonos no M.O.C. (Movemento de obxetores de conciencia) cúa definición ideolóxica espoñemos.



*¿COMO SOMOS?
DECLARACION
IDEOLOXICA*

O movemento de obxetores/as de conciencia defínese antimilitarista e asume a estratexia non violenta.

Dado

que existe o militarismo e que este supón o mantemento duns valores represivos, o antimilitarismo é un prantexamento de loita revolucionaria que enfréntase a estrutura militar:

- En si mesma: exercito profesional.
- Na estrutura de defensa militar: exercito profesional mais reclutamento civil, mais carreira de armamentos...
- Nos valores fomentados na sociedade: represión, elitismo, xerarquización, violencia, división de clases, autoritarismo...
- Nos valores militares fomentados no comportamento humano: machismo, relacións interpersonais, autoritarias, represivas e violentas....

O antimilitarismo ten como obxectivo o deixar ceibe o terreo no cal pódanse desenrolar todo xeito de alternativa non-represiva.

Daquela;

a nosa obxesión política no senso de que colle unha dimensión

social como denuncia do sistema.

A estratexia non-violenta baséase na aceptación duns valores e ideas que conforman uns métodos. Acollímonos a devandita estratexia porque nega de seu os valores profundos do militarismo.

Rexeitamos

o actual sistema de defensa armada e propoñemos a alternativa global da defensa popular non-violenta. Comprometémonos a traballar e desenrolar sobor de esta alternativa. O MOC opónse a toda conscripción (servicio obligatorio imposto polo estado con fins militares ou civiles) e aboga pola súa abelición total. Sendo por principio oposto a conscripción non lle recoñe ao estado o dereito a impoñer unha alternativa ao servicio militar obrigatorio. O movemento admite nambargantes que existindo actualmente a conscripción as disposicións a favor dun servicio civil constituíen un progreso.


Coidamos que este servicio civil terá que ser socialmente constructivo.

M.O.C. Landa,
30-8-79.


*¿QUE QUEREMOS?
"PUNTOS BASICOS"*

Concretamos as nosas aspiracións formais no recoñecemento da obxesión e o dereito a non conscripción, xunguidos a nivel teórico nos seguintes "puntos básicos" aínda que haxa varias posturas prácticas (insumisión, autoxestión e reforma do estatuto) fundamentalmente:

- 1.- que non discrimine ningún motivo pra obxesión
- 2.- que non xuzgue a conciencia con ningún tribunal



- 3.- que non exista nunca dependencia da autoridade ou xurisdición militar.
- 4.- que recoñeza o dereito a obxesión antes, durante e despois da prestación do servicio militar; tanto de paz coma de guerra.
- 5.- que respete os dereitos civiles que corresponden a situación civil do obxetor.
- 6.- que recoñeza un servicio civil desmilitarizado, que non atente contra dos intereses dos traballadores (non medre o paro, non rachen folgas).



7

— que as actividades do servizo civil sexan de interese popular e atópanse nos campos máis desatendidos (ensino e cultura popular, sanidade, defensa da natureza, loita pola paz, marxinação)

8.— que o servizo civil se realice preferentemente na rexión, país de orixe do obxetor, axeitándoo as aptitudes de este e a solidariedade entre as distintas zonas.

9.— que non se faga discriminación algunha nos planos sociais, laborais e financeiros polo feito da prestación dun servizo civil excepto no que se

derive da súa natureza.


10.— Que a duración do servizo civil sexa igual a do militar.

11.— que se recoñezan con computo de tempo os servizos civís feitos hastra agora.

12.— que se derogue a lexislación represiva contra da obxección (art. 383 bis do código de xusticia militar, decreto 30 ii/77 sobor da obxección por motivos relixiosos).

¿QUE NOS OFRECEN? SITUACION LEGAL ACTUAL.

A obxección de conciencia foi recollida na Constitución da UCD no artigo 32. Os obxetores



atopámonos no intre presente na situación legal delimitada pola orden do ministro de defensa (Gutierrez Mellado) do 26-XI-77 que amplía a do 18-XI-77 que transcribimos ao pé da letra: "1º. La situación de "incorporación aplazada" hasta la promulgación de la ley en estudio se hará efectiva a cuantos aleguen al incorporarse, ser objetores. 2º Igual tratamiento se dará a los amnistiados. 5º Cuantos reclutas o soldados en filas, aleguen ser objetores pueden solicitar licencia temporal sin abono de tiempo hasta la promulgación de la citada ley".



ESTATUTO.

Inda anteproxecto, nacido en febreiro deste ano 1980, foi xa rexeitado na asemblea do MOC do 23-24 de febreiro en Madrid, pois incumple os nosos devanditos "puntos básicos". Do mesmo recolleemos os seguintes puntos críticos.

Art. 1º. Limita o

dereito a obxección a "tempo de paz"

Limita as fundamentacións da obxección a "razones de conciencia basadas en profundas convicções relixiosas" formulación ambigua e excluinte de outra chea de motivacións. Art. 3º Acada un craro matiz punitivo "la duración de la prestación social sustitutoria activa (PSSa) será igual al doble del periodo establecido para el servicio en filas"

5º "La PSSa se efectuará en formaciones jerárquicamente estructuradas (obxetor coronel, obxetor teniente etc. ou algo así...).

Art. 6º.2 "No podrán (durante la PSSa) tomar parte en actividades políticas y sindicales ..."

Este é un dos puntos fundamentais Art. 8º "La comisión nacional... resolvera sobre la admisión de la obxección de conciencia" Previo invento do concienciómetro supoñemos... Este artigo é contradictorio co 16 da Constitución "nadie podrá ser obligado a declarar sobre su ideología..."

"(La comisión nacional) podrá recavar informes o certificaciones de cualquier autoridad, solicitar dictámenes de especialistas (concienciólogos, o psiquiatras) y citar testigos e incluso al interesado (muy amables)". Disposición final 2 "la presente ley se aplicará en tiempo de paz".



QUE E O QUE NOS DAN? SITUACION ACTUAL REAL.

Inda que sexamos libres de dereito, de feito dende o mes de marzo foron levadas a cabo máis de 200 detencións de obxetores de conciencia que difundían públicamente as súas motivacións de negativa a prestación do servizo militar ou que se solidarizaban cos xa detidos.



Consideramos

que estes feitos atentan contra os dereitos humanos de:

- Liberdade de expresión.
 - Obxección de conciencia.
 - Liberdade ideolóxica
- Recollidos na Constitución ucedista nos artigos 20, 1, a; 30, 2 e 16, 1 respectivamente.

Por todo elo, denunciámos a incoerencia do goberno e as devanditas detencións i esiximos a liberdade dos detidos.

Solidarizámonos coas súas motivacións Solicitamos a vosa solidariedade con estas reivindicacións.

M.O.C. (G)

104



Seguro

que nos gustaría soñar que non está todo tan mal. Que non é certo que vivamos nun mundo de tanta porcallada. Máis resulta que si. Despertamos, restregamos os ollos e é certo.

Témonos que erguer dende esta porcallada e poñernos xa en

marcha pra facer que todo o que nos rodea nos perteneza. Que poidamos controlar nós a nosa vida e que nun esforzo solidario rematemos dunha vez coa explotación do home, coa miseria, a fame, a tristura, o egoísmo.. E como non, pra escomenzar, coa OTAN e demáis patrañas militaristas. Casi nada!

Temos tantas cousas que solucionar nas nosa complexas vidas que este rolo da OTAN xa nos cae como moi pesado.

Duenes

realmente gozan con soio falar dela son os sectores fascistas da nosa sociedade (militares, oligarcas "patrioteiros" e os seus servidores) e os sectores liberais que tan achegadiños están a cousas como TRILATERAL (de Rockefeller, Brezinski...) e as MULTINACIONAIS

Aqueles que aínda non ven o problema real do militarismo, a carreira mortal de armamentos e o imperialismo é importante que se fagan á idea de que hai unha chea de señores que andan sempre a cabilar pra non deixarnos en paz. Aínda a risco de infarto. Vamos, que a colleron con nós! E como isto xa entra dentro das nosas complexas vidas, non o podemos permitir.

Pra loitar contra esta "Organización

Terrorista do Atlántico Norte" temos de coñecer un pouco do seu nacemento e vida. Isto é o que pretende este artigo. Despois soio nos queda traballar.

Nace, bonita verba, pra cousa tan horrorosa, o triste día 4 de abril do 49. O Tratado foi ratificado o 24 de agosto dese ano por: Bélxica, Canadá, Dinamarca, Ianquilandia, Francia, Holanda, Inglaterra, Islandia, Italia, Luxemburgo, Noruega e Portugal. Despois entraron

A VOLTAS

COA

OTAN



Grecia e Turquía
(18-2-52) e a R.F.
Alemana (23-10-54)



entrada
provocou a formación
do outro bloque
militar contrincante :
O Pacto de Varsovia.
Exactamente naceu
o 14 de maio do
1955.

Os dous bloques
non soio sirven pra
insultarse ou algún
dia enfrentarse.
Mantéñen a súa
posición por riba de
calquer decisión
popular. Os exemplos
abondan :

Os ianquis
actuaron en: Sto.
Domingo, Guatemala
Cuba, Vietnam
(eiquí concentraron
500.000 soldados,
fixeron todo tipo de
matanzas, torturas,
utilizaron napalm...).

Forzas francesas e
da OTAN (Francia
retirouse da
organización militar
en 1966, aínda que
segue no Tratado)
invadiron certas
zonas de Shaba
(Africa) pra defender
os intereses das
grandes compañías
mineiras que alí
operan fronte a
rebelións populares.



Pacto de
Varsovia actuou en
Hungria,
Checoslovaquia. A
Unión Soviética está

en Afganistán con
diversas divisións
militares.

As accións levadas
a cabo por un país
ou por un bloque
son difíciles de
determinar xa que
as organizacións
militares e os exérci-
tos dos países
membros, están
perfectamente
combinados.

A estrutura da
OTAN é un pouco
longa de explicar.
Hai, pra resumir,
unha parte civil que
trata sobre temas
económicos, sociais,..
e outra parte militar
con distintos
mandos pra cada
zona xeográfica.



canto aos
principios se refire,
soio destacar un
deles que di : "As
partes contratantes
están determinadas a
salvagardar a
libertade, a herdanza
común e a civilización
dos seus pobos,
fundada nos
principios da
democracia, a
libertade individual
e o imperio da lei".

Na OTAN figurou
dende o principio o
Portugal salazarista
onde existía unha
salvaxe dictadura e
miseria. A OTAN
apoiou descarada-
mente o ascenso ao
poder en Grecia dos
coroneles fascistas.
Neste caso non cabe
duda que traballou
a CIA e o gran
arma-guerras e
Premio Nobel da Paz :



Kissinger. Este personaxe volve agora á palestra por medio de Reagan. Sêpase e non se esquezna que Kissinger foi un dos culpables das grandes masacres cometidas en Vietnam polos ianquis e das cometidas en Kampuchea polos kemeres roxos e os mesmos bombardeos ianquis. E tamén un gran amigo do sionismo máis agresivo.

As cousas en común son tantas: defensa de occidente, anticomunismo, racismo, que gozan na berza! .

A preponderancia dos ianquis na Organización xa non é soio de tipo organizativo e político. Permítense pagar máis ou menos o 60 por cen do presuposto. No ano 77, este ascendeu a 173.000 millóns de dólares, uns 10 billóns de pesetas nada máis. Dende que naceu, a OTAN tén gastado uns 2 billóns de dólares (140 billóns de pesetas.) Coido que non hai máis que comentar.

O Estado español non logrou entrar na OTAN por oposición dos Países Baixos sobre todo. Foi máis ou menos o mesmo, pois Franco firmou no 53 un Tratado de Amistade e Cooperación cos ianquis, no que quedaba garantizada a defensa do país fronte a un posible ataque comunista: interno ou externo?.



Dispoñen os ianquis duns 10.000 homes. Catro grandes bases: Torrejón (Sede do Cuartel Xeral da XVI Forza Aerea e do Centro de Operacións de

Combate en Europa), Valenzuela en Zaragoza, Morón en Sevilla e Rota (Cádiz). A posibilidade de que nelas haxa armas atómicas é grandísima. Ademais dispoñen de múltiples instalacións, entre elas a da Graña no Ferrol praos seus submarinos e navios.


Suponse que andarán detrás das expropiacións de terreos no Barbanza.

O campo de tiro das "Bardenas Reales" con 40.000 hectareas nas provincias de Zaragoza e Nafarroa. Este campo, o mais grande de que dispoñen os ianquis en Europa, esta arrendado deica o ano 2001 pola apirolante cifra de 559.130 pts. ao ano. O ruído producido e os accidentes que ocorren fan que os labregos da zona boten chispas.

Agora andan os ianquis detras das Canarias polo outo valor estratéxico das illas con respecto á Africa e á ruta do petróleo. E cóllenno todo se non se fai nada por evitalo.

Confíemnos na acción solidaria da humanidade fronte aos bloques militares e o militarismo. Perder a esperanza sería morrer! .

MANUEL XIRIMBAO



papel da OTAN queda ben expresado na frase pronunciada polo anterior comandante supremo Léase con moito énfasis: O "general" Alexander Haigh (ianqui) pronunciaba nun seminario sobre "España e a OTAN" o 15 de abril do 78 en Ditchey Park (Inglaterra) que dí: "A pertencencia dun país á OTAN é unha garantía contra o desenrolo de determinados procesos revolucionários". Velaí tedes!

A linguaxe utilizada por estes señores en pouco se diferencia da usada por homes coma Hitler. Así non é raro atopar na Organización antigos nazis. Pro exemplo: ex-membros da Lexión Condor que masacraron Gernika no 37, axudando ao bando franquista.

COMO SE FAI

un calzon



sección pretendemos revalorizar unha chea de cousas que na nosa vida diaria xa non facemos e que son sinxelas e útiles. Neste primeiro número e por aquilo da practicidade imos espricar : como é? e cómo se fai? UN CALZON. Primeiro imos mercar tela de algodón ou fío, nada de telas sintéticas. Tomamos a medida do ancho que ten de ser o suficientemente cómodo pra que non nos manque, normalmente pra paquete normal sobre uns 20 cms deixando un marxe pra coser. O longo será ao noso xeito deica a cintura, deica o carapuxo ou simplemente como gostemos de facer. Sácase o "aparello" de lado ou por riba.



de cortado cosémolo facendo unha dobrez, pódese facer a punto de máquina voltando a


agulla outra puntada máis atrás ou cun aliñave pequeno.


Logo de cosido cortamos as cinchas, que sexan amplas e de algodón, cósense nos catro ángulos dobradas ao medio e **XA TEMOS FEITO O CALZON.**



tipo de calzon é de orixe indú e a eles vaille moi ben, coidamos que a vós o mesmo que a nós vos sexa de proveito e aforro. E importante tentar de ser autosuficientes e nestas cousas cativas podemos ter un bo comenzo, temos de seguir a Gandhi que propuña voltar ao traballo artesán, en contra das fiaturas inglesas, e nós á nosa maneira coidamos que é vital sacarse un pouco da sociedade de consumo e voltar ás cousas sinxelas, a pasalo ben cosendo, cociñando, fiando, prantando, lavando... a disfrutar coa vida mesma.

O CORSARIO NEGRO





OS CACHÉLOS

S

patacas chegaron a Europa procedentes de América e foi na Nosa Terra (perto da Coruña) onde por vez primeira espallouse o seu cultivo.

A pataca foi o substituto da castaña, que era naquel entón (s. XVIII) un alimento base na cociña das familias labregas, dai ven que se lle chame "castaña da terra". A pataca foi e sigue a ser en grande medida o "pan dos probes", e por esta razón sempre desvalorizada e usada como acompañamento doutros alimentos máis "completos"? (peixe, carne, cocho) ou ben para encher o bandullo.

A pataca aparte de conter fécula e agua contén outros componentes nutritivos en cantidades considerábeis. O seu alto contido en hidratos de carbono confírelle un grande valor calórico i enerxético, elevada proporción de Vitamina

C que lle da un valor antiescorbútico, contén ademáis outra serie de vitaminas A, B1, B2, proteínas, a súa alcalinidade é boa para reumáticos, artríticos, e diabéticos, contendo ademais sales minerais en abundancia.






Na nosa cociña tradicional a pataca cócese enteira con monda, chámándose cachelos. Outro xeito de preparalas e na borralla do lume igualmente enteiras (San Xoán).. A tradición, anque nos pareza ás veces outra cousa, tén máis saber do que nós coidamos.

As sales e vitaminas da pataca atópanse maiormente pegadiñas á pela, se fervermos as patacas peladas gran parte destas vitaminas e sales vanse na auga de coción, no lixo, ou no bandullo dos cochos. A mellor maneira de que conserven todo o seu valor nutritivo, que é moito, e lavándoas ben ou rañalas se fixera falla e botalas enteiras a cocer, ou botalas ao pe dun bo lume de leña.

"O que queira comer patacas polo San Xoán, bóteas cando o pan"
MARIA BALTEIRA.

GRANDE CULTURE

LES GROSSEURS RESPECTIVES DES ESPÈCES SONT OBSERVÉES DANS CETTE PLANCHE.



(D'après des spécimens communiqués par la maison Vilmorin.)

PAIS


da clase media media

alta máis ben alta de todo o mundo
matade un esquimal esta noite logo da tele
se é que non ceades fora
claro

polo que a min respecta nai podó volver entrar por onde sain
marchar seascaso outra vez para dentro onda ti e ao carallo cocodrilo
pero vou quedar aquí á porta con ese aquel de patuco
como agardando a independencia e mailo socialismo
desempregado que estou

con esta cara de gorilita que me dan as bolechas
que amariconaron a miña nenez pero que lle resultaron irresistibles
á mais grande e famosa estrela de hollywood-on-limia
que só recupera de vos a auga mineral que consumides por caixas
por aquilo das burbullas que me fai o chollo cando nos matamos polas tardes
se cadra non lembres os meus viaxes primeiros a europa
para practicar o idioma e carallo se o practiquei
empecei a falar só como un loro

puta mania que me puxo no rivés de vosoutros
como estes rotuladores que me escarallan e que odio da mañán á noite
e que á mañán seguinte sigo a odiar
practicar o idioma deciaslles na praia ás señoras
hai unha semana que non chega carta e total para qué miña nai
aos rapaces chámanlle bois e ás esquinas conas e o resto sabiao todo
falar só iso foi o importante as conversas cos escaparates e os semáforos
asesinado polo ceo e as formas que buscan o cristal
deixar medrar os cabelos
esquece o barullo das balas contra hierro chomón alá no calvario onda nos
e bótame máis langostinos
podes esquecer se queres que me posuiste pequeno e mimoso
eu con asma no balcón
qué máis me ten



ROR

poderás soltar os meus brazos

que te rodearon dietética hoxe á mañán

porque morrerías vella torpe estéril

súpeta estátua de sal

e todo este o meu pasamento á cultura esquimal viña de atrás

garda o meu recordo para todas as tuas muchachas que me falaban de bailes

e novios e dedicatórias na radio porque era a min a quen falaban

e xa me puñan no rivés de vosoutros

elas misturadas e ordinárias con vosco no meu corazón

fun o primeiro da clase ata que isto de falar só xa me ocupóu a cabeza toda

creo que podo ficar aquí á porta do burato que me fixo

total xa non voltarei para dentro

podedes mesmo morrer antes do que a min

mentras vos retransmito con este o meu novo falar vacilón

a destrucción enteira da porcelana horrible da casa

o rivés feito poder

o green grass do voso lindo xardin que se fai napalm e vos deixa en stop

co sorriso frio da derradeira gracia que contades

crendo que vos fai máis juveniles

amo a destrucción de todo o que vos amades

pero rodei moi suxo esta noite e agarraivos ben ás carnes berrai

que inda que pareza que vou espertar no berce ao voso lado

estou como dios aparentemente mansiño e cos dedos na pirola

estou con ela no rivés

eu xa son ela

sempre mais esquimal o cocotero

polo que a min respecta nai


explícallo ti mellor ao pai

podo volver entrar por onde saín

pero non

vou ficar aquí á porta.

BOBIE Mc. GEER



AMNISTIA



Uns anos en que todo o mundo falaba desta verba, ouvíamola todos os días e chegou un intre en que non se voltou escoitar, ninguén berraba, ou moi poucos, Amnistía! . O motivo pode ser os indultos concedidos nos anos 76-77, pero non é menos certo que non supuxeron unha Amnistia, dende entón siguen presos nas cadeas, dende entón síguese a prender á xente por cousas de toda caste .

As cadeas endexamais estiveron tan cheas, crean centros novos cada ano pra encheiros de homes e mulleres que loitaron, do xeito que eles coidaron máis axeitado á sua situación. Os presos sociais teñen de mutilarse, cortarse as veas, ou tragar obxectos, poñendonos no seu lugar un intre sintamos o que eles sinten : censuránlle a prensa, visitas limitadas, retención de cartos... condenas exorbitadas que sin ver os datos non rematamos de creer.

Os xuicios son tan só polo nome, non van na procura dos culpables como no caso Scala, senón que o que interesa é un chivo que pague co que haxa de pagar asegún as suas leises, leises inxustas feitas polo poder, polos de sempre que siguen no mesmo sitio.

En Galicia o movemento pola Amnistia é cativo, a excepción de Vigo onde funciona a A.C.P.G. dende hai dous anos, noutras localidades faise ver pouco.

A partires do 1 de setembro houbo unha chea de detencións en Galicia, coa conseguinte aplicación da Lei Antiterrorista aos detidos, detidos que foron torturados e levados fora da sua Terra. Logo destas detencións escomezaron a formarse as XUGA (Xuntas Galegas pola Amnistia) tentando de ampliar o movemento pola Amnistia e dar a coñecer ao noso pobo cal é a situación real dos presos e por qué se prende á xente, cómo están as cadeas e mesmo cal é a situación afectiva e diária dos presos.

Dende aquí chamamos a todos a participar neste movemento, ampliándoo e levándoo deica todos os currunchos da

Nosa Terra, loitando por cada ún dos presos e por todos, pois todos nós estamos implicados, tódos nós somos vítimas, mañán si lles peta podes ser ti o que esteas dentro.

Víctimas da represión, nos derradeiros tempos en Galicia, atópanse na cadea de Carabanchel, 16 homes galegos, dos cales a opinión pública non ten mais datos que os que as informacions policiais facilitaron aos medios informativos (a prensa, presionada pola policía silenciou todo tipo de informacion e comunicados rechazando as detencións). Todos eles son coñecidos como antifascistas e verdadeiros loitadores que desentrolaron a sua laboura política no marco da Autodeterminación de Galicia, proba de esto son as suas participacions en movilizacións populares en contra de Autopistas del Atlántico, e a Central Nuclear de Xove, en loitas obreiras como as de Ascón, o seu traballo en AA.VV., e no seu caso a afiliación política a partidos e organizacións de esquerdas nacionalistas. Estes outros feitos fixeron que foran encarcerados polo goberno represivo da UCD, si

os seus delitos son estes, si por loitar pola Autodeterminación de Galicia, oprimida sempre polo poder central, son torturados e xuzgados como terroristas é ao pobo oprimido de Galicia a quén están xuzgando.



reclama a LIBERTADE, o pobo galego reclama a libertade de :

Luis Calvar Calviño Independente, 58 anos, mariñeiro. S. Adrián de Cobres (Vilaboa) (en libertade baixo fianza de 200.000 pts. Xosé Cid Cabido. "Galicia Ceibe-OLN" 20 anos, estudante económicas (Vigo). Xosé Patricio Recaman. Independente, 39 anos. Tte. alcalde de Vilaboa. Técnico de televisión (Vilaboa). Modesto Roman González. Independente, 18 anos, estudante de BUP (Vigo) Fernando Eiras González. Independente, 18 anos, estudante. (Pontevedra). Antón Bertolo Losada. "Galicia Ceibe-OLN" 41 anos, farmacéutico-químico Pontevedra (Vilaboa) (en libertade baixo fianza de 200.000 pts

Arturo Estevez Rodriguez "Irmandade Galega" 30 anos, reloxeiro. Pontevedra. Manuel Pousada Covelo Independente 48 anos, economista Vigo. (en libertade baixo fianza de 200.000 pts. Alberte Lema Couso Independente. 20 anos, camarero Marin Luciano Prego Sanxorxe. "BN-PG", 36 anos, taxista. Sta. Cristina de Cobres (Vilaboa) Xosé Luis Villaverde Varela. "Galicia Ceibe OLN", 46 anos, comerciante. Vigo. (en libertade baixo fianza de 200.000 pts.) Antón Arias Curto. "Galicia Ceibe-OLN" 36 anos, perito mercantil. Tte. alcalde do Axuntamento de Monforte . Monforte Francisco Xosé Atanes Gomez. "Galicia Ceibe-OLN" 21 anos, administrativo. Ourense. Edelmiro Dominguez Dapena. Confederación Sindical Galega (CSG). Segretario da AA.VV. de Salcedo. 28 anos, bancario. Marin. X. Luis Nieto Pereira "Galicia Ceibe-OLN" 21 anos. Profesor EXB. Vigo-Lavadores X. Luis Mendez Ferrin. "Galicia Ceibe-OLN". 42 anos, escritor catedrático do INB Sta. Irene de Vigo. Vigo.. (en libertade baixo fianza de 250.000 pts. XUGA.

Un feito que hai que sulñar, denunciar, é a grande represión informativa que sufrimos, o grande aillamento no que nos atopamos os distintos pobos do Estado Español e que somentes coa información, co coñecemento do que está a pasar, podemos realmente participar, xuntarnos, ter a solidariedade necesaria que é, en definitiva, o único xeito de combatir a situación que estamos a vivir. Por iso, xornais que se chaman respetabéis, democráticos, abertos, condicionan a realidade dos feitos e convirten as noticias, a información, nun tóxico tan ben manipulado que, nin tan siquer, sentan as bases pra unha discusión.

Na etapa "democrática", cunhas formas mais sutís, o troque ven dado pola institucionalización que permite seguir exercendo a represión dun xeito legalizado. Xurden leis que apoian e liberan aos que as empregan de calquer tipo de responsabilidade. Agora veñan respaldadas polo Parlamento, polos representantes elixidos "libremente"; por iso a policía di coa maior tranquilidade e satisfacción "nós somos apolíticos, funcionarios dun sistema ou doutro e nós o único que facemos é aplicar unhas leis aprobadas no parlamento polos

A REPRESIÓN

vossos representantes" Esta realidade confire a quenés executan a represión un carácter cínico que permite bulrarse da victima e ao mesmo tempo do pobo.

Ao traveso da represión, da tortura, mais que de investigar o que hai detrás de cada detido, trátase de atemorizar á poboación civil. Por iso, a lei chamada denantes Antiterrorista e agora de Seguridade Ciudadán, que permite as detencións en cadea baixo o pretexto do terrorismo, utilízase, única e exclusivamente, pra aplastar os movementos populares vivos; alí onde exista un foco que poida fuxir ao ao control dos grandes partidos de esquerdas que, dalgún xeito, frenan e mitigan a loita; alí onde se plantexen unha chea de reivindicacións reais do tipo que sexa; alí fai aparición a Lei. Detense, tortúrase, encarcélase en cadeas de outa seguridade, cadeas como Herrera de la Mancha onde a lei, aprobada por unanimidade no Parlamento, permite que tanto o abogado como o seu defendido teñan cada un deles dous policías ao seu



lombo. anotando e facéndose despois portavoces do que alí se fala, coa total imposibilidade de tentar clarexar os feitos; si o preso conta a súa situación na cadea, os funcionarios advirten ao director e éste ordena interrompirla a conversa posto que non están tratando de problemas xurídicos. Xa non só se controla ao detido, se lle controlan as cartas que saen díl ao exterior, enderezos, nomes, datos que poidan servir no intre do xuicio. Dinche tamén os funcionarios que o preso non quere ver ao abogado, aos familiares... e iso siñifica que ninguén lle pasou o recado. O preso autoregula o tempo cando tén visita, esta

constantemente ollando o reloxo, así deica non saber si estás morto ou vivo..

No mes de outono, en Hondarribia, fumos detidas doce persoas; distas somentes duas, por unhas características moi especiais que eramos o meu compañeiro i eu, non fumos torturados A úns lle fixeron o "quirófano", a outros a "bañera", a outros aplicaronlle correntes eléctricas. As doce horas estaban todos en liberdade. Nunha asemblea analizouse que os detidos participaran en xestoras pro amnistia fundamentalmente, e tratábase de poñer ao día as fichas dos que xa a tiñan ou da posible xente nova. Polo tanto era unha redada indiscriminda sin motivos concretos nin determinantes. Pero o interesante dista loita centrouse na explicación que fixeron cada un dos detidos da súa experiencia. Isto sensibilizou moitísimo, xa que non é igual dicir que houbo tortura, a que unha persona coñecida contase o seu caso.

Por outra banda denunciar a tortura supón a ameaza de ser procesado, posto que toda denuncia de tortura se non é demostrada é unha

inxuria para o denunciado.

Xurídicamente nunca pode ser demostrada xa que sempre poden alegar que o fixo ún mesmo. Endebén, fai cousa dun mes, en Amorebieta, despois dunhas detencións, tres mil veciños puxeron unha querella á Guardia Civil.

O motivo é, sinxelamente meter medo dun xeito directo sobor da persoa detida e indirectamente sobor da poboación que observa. A lei Antiterrorista está encamiñada a caer sobor de todo o que se move e poña en perigo o sistema. Ademáis trátase de facer bós cidadáns, colaboradores da policía, nunha última instancia, convertilos en axudantes do propio sistema que os está a esmagar. Os plantexamentos son a deshumanización, o aillamento, a inibição e a nosa loita ten que rachar esos obxetivos. Contra do aillamento a comunicación, o intercambio, a información das nosas experiencias represivas, do porqué delas, o debate conxunto e diario do que se fai. Só tendo conciencia dos obxetivos do enemigo podemos enfrentarnos a eles.

En Euskadi, a represión ten un pretexto : a loita armada. Pro, en definitiva, a represión exerce alí onde existe un pobo que combate.

EVA FOREST.

A PROBLEMA DA URBANIZACION



PROCESO DE INDUSTRIALIZACION

D problemática urbana non pode separarse do proceso de industrialización característico da cidade moderna, onde existe a oposición entre o valor de uso (a cidade e a vida urbana) e o valor de cambio (os espazos mercados e vendidos, a consumición dos produtos, bens, lugares e signos).

O valor de cambio, a xeralización da mercancia por obra da industrialización, tenden a esmagar, subordinándoa, a cidade e a realidade urbana.

Atopámonos pois diante dun dobre proceso: industrialismo e urbanización, crecemento e desenrolo, produción económica e vida social. Nun comenzo entre a realidade urbana e a realidade industrial hai un enfrentamento. Isto enxendra unha ristra de cambios.

D poboación activa deixa as cidades pola concentración industrial.

- Unha industrialización

forte leva á capital a homes de cidades pequenas, aos labregos, creándose unha serie de bairros, arrabaldos, poboados en xeral de persoas desvincelladas do medio e desorganizadas.

L sta

concentración de xente, permítelle aos poseedores dos centros de decisión, empresas políticas da tipoloxía de: especulación inmobiliaria, creación de cidades, capital e inversión de capital, ... (entendendo capital como un centro de poder que se impón ás cidades).


- No caso dunha grande industrialización orixínanse unha chea de arrabaldos, chamados "cintos negros", que rodean á cidade industrializada, lugares de miseria humana e man de obra barata.

R este tipo de cidades as estruturas agrarias disólvense e os labregos fuxen ás cidades na percura de traballo e da súa propia subsistencia.

Ao mesmo tempo as concentracións urbanas fánse máis grandes, as densidades de poboación medra, os habitantes das cidades saen cara lugares periféricos

residenciais ou produtivos.

R as grandes cidades as oficinas escomenzan a ocupar o seu centro. As veces estes centros convírtense en ghettos ou pola contra fican neles as persoas de mellor



D ICOTOMIA CAMPO-CIDADE.

Nos países industrializados, a anterga explotación do agro pola cidade, centro de acumulación do capital da paso a xeitos diferentes de dominación e explotación, convertíndose desta

maneira a cidade en centro de decisión e aparentemente de asociación.

D

cidade no seu espallamento lesiona os intereses do agro, roubándolle á vida



labrega parte dos seus elementos tradicionais e a súa propia cultura : artesáns, arte popular, pequenos centros ou talleres, desaparecendo a favor dos centros urbanos.

As vilas ruralizáanse perdendo o seu carácter de intercambio e xuntanza. Sendo todos estes feitos fruto da centralización do poder; do cambio da escada de valores na poboación.

O

URBANISMO.

O urbanismo non é unha visión filosófica da praxis, senón que o pensamento chamado urbanístico convírtese en práctica a nivel global. Dende hai anos, o urbanismo derrama as técnicas e aplicacións parciais (reglamentación e admon. do espacio edificado) para se converter nunha práctica social que interesa a toda a sociedade.

A cidade sitúase entre o chamado orde próximo : relación de homes en grupos e destes grupos entre si, e o orde lonxano : institucións (Estado, Igrexa), o 2º impónse, anque sigue a manter as relacións de produción e propiedade, sendo o lugar da súa reprodución.

A cidade non pode entenderse sin as institucións dela saídas : municipais. Na actualidade a cidade ao ser centro de decisión, organiza a explotación da sociedade enteira, intervindo como tal nos medios de produción.

C

ada sociedade, cada modo de produción, tivo a súa

tipoloxía de cidade e cada unha delas exerceu unha centralidade específica. Non xunta xa persoas ou cousas, senón informacións, conocimientos aparecendo entón o problema da cosificación..., aniñando no home actitudes de reserva persoal que se opoñen á emancipación do ser humano.

O

URBANISMO RACIONAL.

O Urbanismo racional, tendería a un modelo territorial descentralizado que ademais de garantir a autonomía deica o nivel municipal fágao incluíndo a problemática do medio rural e cunha participación a maior escala humana.

D

eixando a idea dun urbanismo que non é ningunha opción ao ser humano ceibe, senón unha nova imposición creada pra impedir ao home dispoñer das súas propias condicións de existencia elixíndoas en liberdade.

Cidades nas que os bairros non sexan ghettos senón entidades sociais con autonomía propia.

D

autonomía máxima dos bairros con presupostos propios, elixindo eles delegados á gran asemblea da cidade, que podería ter centos de elixidos, revocables se non cumpriran pra o que foron enviados, funcionando en todo intre a asemblea popular en cada bairro.

Recuperar o valor de uso, o dereito que todo veciño téna disfrutar da cidade e das súas actividades xunto con todo o herdado da cidade orixinaria e centros creados pola nova planificación urbana.

Daí tiráanse as conclusións seguintes:

- Dereito á liberdade.
- Dereito á individualización na socialización.
- Dereito ao habitat :
 - xardíns, parques, paisaxe.
 - espacio urbano, potenciando o transporte colectivo ao máximo.
- Dereito á obra : á creación, á actividade participante.
- Dereito á apropiación do espacio, do tempo...

Queremos rachar dunha vez con :

D


ivendas malas e caras, transportes lentos e poucos; falta de

equipamentos culturais, sociais, educativos e sanitarios; organización das actividades colectivas en función do lucro do capital e non das necesidades dos veciños; espazos verdes e natureza esmagada; cidades contaminadas; metrópolis cada vez máis grandes e impersonais; ritmos de vida e xeitos de relación social día a día máis anónimos e represivos...

L

ra chegar máis aló da esperiencia, pra atacar a crise, pra desenrolar unha alternativa urbana, é necesario entender o punto de partida e conocer cáles son as causas da crise urbana no capitalismo monopolista, a través de qué procesos se desenrolan e cáles son os intereses sociais que a fan medrar.

FROL DE
ALCANTARILLA





26

DE INDIAS

Con

esta sección pretendemos espallar

as propiedades manciñeiras das herbas e prantas dos nosos montes e campos, reparando ao mesmo tempo na súa perigosidade, se se chegan a tomar en exceso ou indebidamente.

Preténdese,

xa que vivimos --ou mais ben malvivimos-- na sociedade da técnica e do consumismo, voltar un bocado a natureza, aos vellos remedios populares, aos dos nosos abós, que pra sandar un catarro non empregaban farmacos, se non que

o remediaban cunhas bismas quentes de mostaza ou uns baos de eucalito. E si así o facia eles supoño que o poderemos seguir a facer nos, agora.



Dende

que existen homes capaces de observar, a experiencia de milleiros demostrou que as prantas, teñen as súas características e virtudes" (A. Briúere).

CASTAÑEIRO

Neste primeiro número imos empezar por esta árbore, pertencente á familia das hipocastiñeiraceas, non é orixinario do País, anque abonda nos parques e xardíns das nosas vilas e cidades, semellante en parte ao castiñeiro e cunha ristra de propiedades curandeiras.

Non se sabe con exactitude a súa procedencia, algúns autores din que veu

da Grecia, e de feito atópase en estado silvestre nos seus montes, e dalí pasou a Turquía onde se utilizaban as súas castañas pra aliviar o asma dos seus cabalos xa vellos, daí venlle o nome de castañas de cabalo, nome co cal e coñecido en Asia Menor. Outros opinan ao revés, decindo que foi introducido en Europa no século XVI, coidándose que procedía da India

daí ven o seu nome). Mais pouco che importa, pois as prantas desta familia medran en todas e cada unha destas zonas xeográficas.


En 1.720 fóronlle recoñecidas as súas propiedades febrífugas, sendo un sustituto idóneo da quinina pra este mester.

Doado de coñecer polo seu

porte, polas grandes follas palmeadas, compostas de 5 a 9 gallos, e follas secundarias que se espallan como si foran os dedos dunha man aberta. As froles son brancas, dispostas en ramallos grandes. A froita é de forma bulbosa, un ourizo pouco duro e ábrese en tres partes e solta 1 ou 2 castañas. As sementes son as castañas, moi semellantes á común do País, mais sin o

rabo con que rematan aquelas, dunha coor moi semellante pero máis grandes e redondas, tendo ademais na súa base unha mancha máis clara. A castaña de indias téñ un principio moi acedo polo cal non se come.

Frorece nos meses de abril e xuño; sendo o tempo de



colleita polos meses de setembro e outono, sendo unha das primeiras árbores en outonar.

As

suas partes activas son principalmente a CODA (das polas novas) e a semente ou CASTAÑA. A coda contén un glucósido (a esculina) e unha sustancia aceda que se deriva del. O principal compoñente da castaña e a saponina, formada por unha mestura de sustancias parece ser o principio activo da castaña, mais ao ter istas sustancias unha natureza moi pouco estábel é mellor preparar as tinturas

con castañas recién apañadas da árbore.

A coda é tónica e astrinxente.

A castaña é un bon vasoconstritor, activando eficazmente a circulación do sangue empregándose no tratamento de hemorroides doorosas, disenteria, gastritis, edras, flebitis e tamén pra protexer a pel do sol polo seu extracto fluído.

TISANA. Prás doenzas sinaladas recoméndase empregar de 30 a 50 grs. de coda ou de castañas esmagadas, cocéndoas nun litro

de auga, e tomar 1 ou 2 cuncas ao día.

A

TINTURA pódese facer con 125 grs. de castañas, recién apañadas, e medio litro de espírito de viño, dexándose a maceirar en alcohol uns 15 días. Da tintura tomase unha cullerada sopeira

logo do xantar, mesturada cunha tisana.

TOXICIDADE. Compre non inxerir a coda de polas verdes da froita xa que pode producir gastroenteritis, sonmolencia e

arroibamento da cara
VETULA

27

ficha

CASTIÑEIRO DE INDIAS (*Aesculus hippocastanum*. Hipocastiñeiraceas).

HABITA Silvestre en Asia, Tuquia e Grecia. No noso País en parques, alamedas e soutos

DESCRIPCIÓN Arbore duns trinta e tal metros. Grandes follas palmeadas. Froles brancas en ramallos. Froita bulbosa protexida por ourizo. Castañas sen rabo, redondeadas, cunha mancha máis clara na base. Principio acedo.

PARTES UTILES Coda das polas mozas. As castañas e as froitas (a aparte espiñenta do ourizo)

COLLEITA: A coda na primavera. As froitas e as suas sementes (castañas), apañalas ao sol, gardándoas en bolsas ou tarros herméticos pra preservar da humidade.

COMPOSICIÓN: A coda contén un glucósido (esculina) e outra sustancia que deriva del (esculetina) que é aceda.

O principio activo da castaña esta composto de saponina formada por mestura de dous ácidos (esculinino i esculininico) que dan saponinas..

REMEDIOS E USO E tónico, astrinxente, febrífugo, vasoconstritor. Usase pras edras, hemorroides, flebitis, hemorrxias uterinas inflamación da próstata, gastritis.

Cocimento: Ferver unha culler de coda esfarelada durante 1/4 de hora, tomando duas culleradas no día.

Tintura. Durante 10 días maceirar 30 grs. de coda espiñenta (froita) en 120 grs. de alcohol de 60°. Tómasse de 15 a 20 pingas, tres veces ao día cunha tisana.

Alcoholatura. Maceirar coda esfarelada nun peso igual ao alcohol de 95°, coándoo á semán. Tomar 15 a 20 gotas, antes do xantar durante 15 días. Pódese repetir a dosis tras un descanso de 15 días.

Pomada Alcoholatura 20 grs.; lanolina 60 grs. Mesturados. Aplícase nas edras i hemorroides.

Uso externo Castaña cocida en auga e reducida a un amoadado, sirve pra bismas nas inflamacións cutaneas e algunhas dermatosis e pra masaxe contra da celulitis.


TÓXICIDADE Pódese producir ao inxerir polas verdes da froita traducíndose en arroibamento da cara, gastroenteritis e sonmolencia.

POSTO FASCIO

Esto

xa cheira.

Polo de agora,
alguén esqueceuse
de tirar da cadea.



28

Diante do coarenta aniversario do ano triunfal, habia que escribir ao dictado, ao pe da letra; o xefe palmouna, mais ficaron os seus alumnos aventaxados. Un bó alumno debe superar ao mestre ! .

Coa forza da mocidade, os primeiros da clase vanse a recorrer o mundo, coñocer novas técnicas... Postos ao dia en todo o "saber científico", retornan pra levar as rendas distes pais que herdaron con facendas e xentes.

Queren imitar aos veciños para que sexan aceptados na comunidade de Estados, como membros de pleno dereito, e non como arrendados.

Cos veciños hai que falar do tempo no ascensor, non meter barullo, manter limpa a fachada, non entrometerse na vida privada, ter coidado coa merda, ao entrar

non esquecerse de pechar a porta, estar ao dia no pago das cuotas da esqueira e ir as xuntanzas. A Comunidade de Proprietarios informalles do que se pode facer, do que non, e do que poidendose facer non está ben visto. Ista primeira verba son esenciais pra enterarse do que sigue.

Deica o intre produceuse un primeiro saúdo, un comportamento que cabía agardar, e algunha coincidencia no ascensor.

De seguidiña a Alemania, o estado mais policial, esplícalles os milores métodos pra desfacerse da "merda". Precísase de xente especializada, aínda que na bolsa poñase sempre "iso", empréganse novas técnicas: un cubo máis grande, máis aséptico.

Tendo en conta que a época que nos tocou vivir non nos merece, o caso é que vivimos nunha

sociedade de mercado libre, onde todo se merca e se vende, e a todos nos poñen precio. E por iso mesmo, a partir de iste intre se precisa da "propina obligatoria" para seguir sacando información. Con ela obténse a confianza do porteiro, controlador que informará de todo que pasa na esqueira, con certa periodicidade. Aquelo de "o que queira aprender que se vaia a Salamanca" xa non sirve, agora hai que ir falar cos técnicos especializados.

Escomenza

o longo revirado camiño da REFORMA

ESFORZANSE EN CREAR UNHA MENTALIDADE DE CRISE. Dícese que todo o mundo está en CRISE, porque axuda a manter o cotarro. Si desexan ser

invitados polos anos dos outros pazos, hai que berrar que neles tamén hai crise.


Esta

claro : haxa ou non Crise, é tanto por culpa deles como do capital. Os propietarios e os señoríos do pazo son os causantes. **NOS NON DEBERIAMOS SER COMPLICES.**

Os xornais e a T.V. falan de crise unha e outra vez.

E imprescindible a REFORMA EDUCATIVA pra contribuir á mellora da produtividade. A maneira máis rápida é impoñela democráticamente con algún morto que outro; e logo facer chamadas á serenidade, a autonomía universitária e a universidade científica.





doado que pase
desapercibida

A demáis


tendo en
conta que o saber
non coupa lugar,
pódese copiar dos
Wester ianquis: ó
foraxido buscáselle
vivo ou morto, hai
dolares de
recompensa e careteis
atè nos cactus do
deserto: sin
chinchetas.

D. 29

Estado
alemán,
recompensase con
marcos e os carteis
están atè nos paneles
publicitarios das
autopistas.

L ei

Xeral
Penitenciaria
publicada no BOE
do 5/10/79. Tamén
teñen uns contratos
por tempo parcial,
e un interés fondo
en que medre a
productividade,
criticando calquer



A

EDUCACION
é un tema moi serio
que lles merece
grande atención,
pero o seu custe é
moi elevado. O
Estado tén de
subvencionar as
centrais nucleares, a
industria, o orde
público, construír
cadeas especiais...

E isto queirase ou
non é caro. Xa que
logo, o ensino
(público ou privado,
relixioso ou laico)
seguirá a ser **NON**
GRATUITO.



ensino oficial
consistirá en
convertir un neno en
man de obra barata.

E para ilo, as
guarderías, EGB,
BUP, COU e a
Universidade serán
máis custosas cada
día e financiadas por
todos. E o timo do
ensino.

**A REFORMA
PENAL** débese levar
a cabo construíndo
un **SISTEMA
REPRESIVO** ao
estilo alemán, cun
control tal, que
poden chegar a saber
cántas veces un
traballador-cidádán,
meteuse o dedo na

nariz (incluíndo ás
veces que o faga ás
agachadas).

A

tortura e a
represión de hoxe
son máis eficaces
que as da Inquisición,
coa ventaxa de
meter menos barullo,
e polo tanto é máis

intento salvaxe de suba de salarios.

Unha vez escomenzada, a reforma debía ser total.

Telo

todo atado e ben atado siñifica telo todo **ENCASILLADO, ESTRUCTURADO, PROGRAMADO E CUADRICULADO.** Eiquí temos o Estatuto pra a traballador.

Dentro de tantas reformas, **REFORMANSE AS LEISES LABORAIS**

Por aí fora contólase o absentismo, coa colaboura dos sindicatos que montaron para os obreiros. Teñen unha Seguridade Social de médicos-mecánicos, trocas as pezas a base de pastillas e médicos perseguidores de obreiros enfermizos. Son moi liberais, até co despido libre, coerente dentro dun sistema de liberdade.



Manter un Estado custa moitos cartos. E coma unha gran esmorga dia tras dia. Un Estado é coma un pantasma que

anda a vagar.

Oise falar moito d'él Mais cunha copa de Napoleon e un Montecristo na boca, témonos parado a matinar, cinco minutíños en toda a nosa vida: **QUE E UN ESTADO?**

Que millor que intentar respotar a tan grave pregunta, niste intre tan crucial da nosa vida, sin napoleones e montecristos !. Ultimamente eiquí non monta cristo nin Napoleón.

O cuestionário que sigue pretende ilustrarnos na cuestión, rellenalo, seria necesario ir chatando as repostas que coidades convintes.

E Estado...?
SI, NON, NON SABE/NON CONTESTA.

a)... Un fato de señores que decidí **SI TEN** que ter nacido o fillo do noso veciño; se poderian divorciar as netas do anterior dictador; si conceden graciosamente unhas autonomias para que se entreteñan o personal e non oubee...?

b)... Un fato de señoritos que fan cumprir todo o que deciden por nós?

c)... Un fato de señores que din si cumprimos ou non, o que decidiron polo noso ben?

d)... Un feixe de sotanas, báculos e mitras que din teimosamente "eiquí

estamos para sufrir, a gloria ven coa morte" (e velos cheos e satisfeitos).

e)... Un fato de señores moi interesados que deciden por si mesmos, protexidos por todos os anteriores, e que viven do traballo dos escravos ignorantes?.

Si contestaches a todo **NON**, enton non sigas, porque comulgarás con rodas de muiño, e con veno non hai bó tempo e por riba non imos a misa.

Todos istos señores teñen o insalubre, perigos e penoso traballo de decidir por toda a clientela.

Tan difícil traballo esixe unha boa alimentación = esmorga = xantar. Pero fartos eles, as suas familias, (deica o cuñado da filla da curmá do seu pai) e as amistades, non chega. Compren medios materiais variadísimos para sere efectivos, dende o edificio mais principal deica a pequena bala de goma.

Cada

dia sae material mais acabado para seguir a decidir polo personal E iso custa cartos, **MOITOS CARTOS.**

Niste orde de cousas, é cando xurde a necesidade da **REFORMA**

FISCAL, "a todas luces necesaria" para ser capas de solucionar o problema financeiro do Estado. Nun mundo imaxinario, cun goberno imaxinario, onde :

o 5 por cen da poboación tivera o 90 por cen dos bens e o 95 por cen da poboación tivera o 10 por cen dos bens, unha reforma fiscal non trocaría a distribución de riqueza, porque para iso non se faría unha reforma senon unha revolución.

Calquer semellanza con situacións, personas e porcentaxes é totalmente involuntario e pura coincidencia.

A sonada e nunca ben loubada reforma fiscal, consiste nun afán apremiante de sacar mais cartos ao contribuinte.

Ese contribuinte polo feito de traballar, (imposto a conta do de Persoas Físicas) ou se lavar os dentes, (imposto de luxo, incluíndo no preço do dentrífico). Por moito que queiran convencer non convencen.

Lavarse os dentes non é ningún luxo, porque hai que coidalos, xa que a Seguridades Social arrincaríache todas as moas e dentes que estiveran fodidas, e logo non che pon ningún.

Tamén hai impostos de luxo nas menciñas, pois hoxe non deixa de sere un luxo estar doente

coa cantidade de adiantos que hai na menciña oficial.

Pero elo non satisface os anxeos dos caciques. Contáronlles de que noutros lares teñen un imposto tan descarado ou mais ca iste. Co I.V.N.I. (Imposto Valor Non Identificado) pagarán os de sempre, pero mais. Para colmo do sadismo chamalle Imposto sobre do Valor **ENGADIDO.**



Imposto sobor do Valor Engadido (I.V.E.), é obrigatorio para o ingreso no Mercado Común. Cando se introduxo en Italia provocou unha inflación agallopante. Eiquí será unha inflación galáctica.

Con tanta reforma feita, facéndose e por facer, calquer dia, como calquer cidadan normal, pensamos que algo cambiou..

Anque polo de agora non se produxo unha aceptación plena, dentro de pouco farannos entrar no Mercado Común, na OTAN,... como membros de pleno dereito, ben uniformados i en fila.

Os rapaces non o fan mal !.

COLECTIVO LEXITIMA DEFENSA.

